

# Tic, tac: a chamada da madrugada

Era a noite do venres 1 de novembro, deiteime tarde, como case todos os días ultimamente. Estaba canso e creo que durmín decontado.

Non pasara nin unha hora, cando oín un estridente son, era a melodía do meu teléfono móbil. Pareceume que vibraba e soaba de tal xeito que ata o podían oír os meus veciños.

Erguinme e sentei na cama, a medio despertar, pero coa preocupación de quen sería o que me chamaba de madrugada.

A esas horas as noticias non podían ser boas, algún familiar ou amigo podía estar en apuros.

Deslicei a tecla verde:

- Diga?- apurei a dicir mentres pensaba en toda clase de desgrazas.

-...- o móbil so me devolvía un silencio inquietante.

- Ola?- dixen cos latexos do corazón na gorxa.

Nada. Nin un chío.

Intrigado despeguei o aparello da orella e mirei a pantalla iluminada, estaba en branco, non había número e tampouco ningún nome.

Volvín achegar o teléfono ata o oído.

- Isto é unha broma?- de golpe a miña postura de inquietude tornara á de incredulidade.

Cando eramos mais novos, adoitabamos gastar bromas cos amigos que sabiamos que estaban estudando ata tarde para os exames, pero esa etapa xa era pasado.

Colguei e mirei fixamente a pantalla, eran as dúas e un minuto. Pero que diantres estaba pasando?

Estaba realmente enfadado con aquela situación e con quen queira que fose o que se estaba a mofar de min.

Pasáronme pola cabeza varias palabras groseiras e deiteime de novo. Dei varias voltas na cama e sentín que non ía volver durmir en toda a noite. E estaba no certo. Ao pouco soou o móbil outra vez.

Esta vez, levanteime da cama, acendín a luz do dormitorio e botei a andar de xeito decidido cara ao salón.

- Oíches, sexas quen sexas, deixa de molestarme, e que saibas que podo rastrexar a chamada e saber quen es – soltei con toda a présa que podía a miña boca.

Cando xa ía colgar, sen dar ningunha oportunidade de resposta, pareceume oír algo. Escoitei en silencio. Alguén estaba asubiando e entón dixo:

- Sei o que fixeches, sei onde vives e sei que tes pouco tempo.

- Quen es? Que queres dicir? - a intriga podía comigo.

Volveu a asubiar durante uns segundos e colgou.

A miña cabeza toleaba, non podía deixar de dar voltas por toda a casa. Mirei o reloxo, eran as dúas e seis minutos.

Isto xa pasaba de broma. Intentei lembrar a voz ameazadora, soaba grave, distante, firme e totalmente descoñecida.

Volvín ao dormitorio e puxen a chaqueta. Tiña frío, tremábame o corpo enteiro.

Fun á cociña e preparei unha tila. Sentei na cadeira coa cabeza entre as mans.

Quen era aquela voz desafiante? Por que me dixo aquilo de que teño pouco tempo? E, se sabe onde vivo, estarei en perigo?

Levanteime, sacudín a cabeza e pensei que quizais estaba levando todo ao extremo. Eu non fixera nada malo, todo era unha broma e non debía deixarme levar polo medo. Si, estaba todo aclarado. Ademais esas cousas só pasan nas películas.

Tomei a tila ben quente, fun ao salón, sentei no sofá e acendín a tele para despexar a mente.

E de novo espertei co son do móbil, esta vez coa melodía que lle puxera á alarma do espertador.

Doíame a cabeza e parecíame que todo fora un pesadelo.

Busquei na listaxe de chamadas e non había ningunha desa noite.

Respirei aliviado, todo fora un mal soño.

Botei a andar cara ao baño e, ao pasar por diante da porta da entrada, reparei nun anaco de papel tirado no chan.

Agarreino e ao desdobralo sentín un terrible mareo.

Escrito en letras recortadas ben grandes a nota poñía: Tic, tac,... o teu tempo esgótase.

Fun correndo ao baño e vomitei.

Non fora un arrepiante soño. Alguén metera aquela ameaza por debaixo da miña porta durante a noite e alguén ía a por min.

PABLO DÍAZ DÍAZ 4º C

IES Lucus Augusti

Lugo